

Se fose autor

Se fose autor faría unha obriña de teatro cos meus amigos e non duraría máis de 20 minutos.

Escena única

Érguese o telón e aparece unha cidade en ruínas, e enriba dos escombros dun edificio bombardeado, un coche; enriba do coche un rapaz morto.

Ó redor do rapaz, unha rapaza noviña e unha nai avellentada choran sen cesar e tapan a cara cas mans. Berran cousas tristes e suplican piedade.

Desexos de paz de xente desesperada, que pensa que a morte dun irmán é a maior das desgrazas e a morte dun fillo o final.

A escena debe ser desgarradora para que todo o mundo chore ao presenciala.

E cando se farten a chorar, baixará o telón.



(Imaxe editada a partir dunha obtida na rede)